

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DÍA 25 DE XUÑO DE 2010.

No Salón de Sesi3ns da Casa Consistorial do Concello de Mugardos, sendo as vinte horas do d3a vintecinco de xu3no do ano dous mil dez, previa convocatoria e citaci3n 3 efecto, re3nese o Concello Pleno en sesi3n ordinaria e primeira convocatoria, baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Xos3 Fern3ndez Barcia, con asistencia das/dos concelleiras/os D. Jos3 Antonio Bouza Rey, Dna. M^a. Angeles Diaz Prados, Dna. Gloria Fornos Bastida, D. Juan Antonio Fern3ndez Ameneiro, Dna. Maria 3frica P3rez Filgueiras, D. Ignacio Fern3ndez Fern3ndez, D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, D. Emilio Varela Deibe, Dna. Bego3a G3mez D3az, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero e D. Manuel Eugenio Fari3a Doval. Non asiste, con excusa, o concelleiro D. Jos3 Juan Roca Lorenzo

Act3a como secretario o que o 3 da corporaci3n, D. Rafael Berm3dez Iglesias.

Aberta a sesi3n pola Presidencia, 3ntrase no estudio e discusi3n dos asuntos incl3idos na orde do d3a, adopt3ndose os seguintes acordos:

1.- APROBACI3N DA ACTA DA SESI3N ANTERIOR REALIZADA O D3A 28.05.2010.

O Pleno da Corporaci3n, por unanimidade, acorda prestar a s3a aprobaci3n 3 acta que deseguido se relaciona:

- Sesi3n ordinaria realizada o d3a 28.05.2010.

DECLARACI3N DE URXENCIA:

Sr. Alcalde: Ben, antes de entrar na orde do d3a, dicir que hai a modificaci3n do, do pleno ordinario do mes de xullo, que queda convocado para o xoves 29 3s dez horas da ma3an. Ent3n hai que votar a... a proposta, xoves 29 3s 10 da ma3an. Votos a favor... a... a urxencia primeiro, bueno, vale. Ben, 3alg3n grupo ten algunha moci3n para meter pola v3a de urxencia?

Sr. Bouza Rey: Si bueno, dado que tiveramos a Xunta de Voceiros o m3rcores, e a3nda non, non nos chegara... pois nos chegou onte unha moci3n para entrar, 3 mais, que afecta tam3n aos veci3os e veci3as de Mugardos, e vemos a necesidade de metela por urxencia sempre e cando o Pleno a aprobe.

Sr. Alcalde: Ben... 3 unha moci3n contra a... para a retirada do canon de auga recollida no proxecto de lei de Augas de Galicia. Non, non. Est3 metida pola... si, dende.... Home, a lei se vai a aprobar no, no Parlamento. Non, na carpeta se meteu 3eh?. Hoxe pola ma3an, hoxe pola ma3an. Pero si vedes que tal, pois 3 igual. Bueno, queda pendente para o pr3ximo Pleno.

De seguido, ó amparo do disposto no artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal, e tra-la exposición dos motivos que xustifican a urxencia, o Concello Pleno, acorda:

1º.- Por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, declarar de urxencia o asunto “**MODIFICACIÓN DO DÍA E HORA DE REALIZACIÓN DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO**”, incluído na orde do día e tratalo antes de rogos e preguntas como punto núm. 8.

2.- INCORPORACIÓN DO CONCELLO DE CEDEIRA Á MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DA COMARCA DE FERROL

Sr. Alcalde: É ratificar este acordo da mancomunidade. Algún grupo ten algunha obxección a... ou quere intervir con respecto a esto.

De seguido sométese o asunto a votación, e o Concello Pleno, por unanimidade, e polo tanto co quorum esixido polo artigo 143.1.c e 215.3.b da Lei 5/1997, da Administración Local de Galicia e 47.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local, acorda ratificar a incorporación do Concello de Cedeira á Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, segundo proposta efectuada pola Alcaldía en data 22.06.2010, e que transcrita literalmente dí:

“1.- O Pleno do Concello de Cedeira en sesión celebrada o día 29 de setembro de 2009 adoptou co quórum da maioría absoluta legal dos seus membros o acordo de solicitar a incorporación do dito Concello á Mancomunidade.

2.- O Pleno da Mancomunidade en sesión celebrada o 30 de novembro de 2009 adoptou o acordo de aceptar a incorporación do Concello de Cedeira e proceder á modificación do artigo 1 dos seus Estatutos, así como proceder á tramitación correspondente.

3.- O acordo anterior foi exposto ó público en cumprimento do artigo 143.1 b) da Lei de Administración Local de Galicia mediante edicto publicado no Boletín Oficial da Provincia de 11 de febreiro de 2010 sen que contra o mesmo e no prazo dun mes se presentase ningunha alegación.

4.- Asimesmo, en cumprimento do precepto antes citado a Diputación Provincial en sesión celebrada o 29 de xaneiro de 2010 adoptou o acordo de informar favorablemente a modificación dos Estatutos consistente na incorporación do Concello de Cedeira.

5.- Asimesmo, a Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Administración Local e por resolución de 2 de xuño de 2010 informou favorablemente a dita incorporación.

Polo que, o Concello de Mugardos en cumprimento do artigo 143.1. d) adopta o acordo:

1.- Aceptar a modificación dos Estatutos da Mancomunidade no seguinte sentido:

Artigo 1: Onde dí “os Concellos de Ares, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño”, debe dicir “ os Concellos de Ares, Cedeira, Fene, Ferrol, Mugardos, Narón, Neda e Valdoviño”.

2.- Comunicar o presente acordo á Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ferrol así como á Dirección Xeral de Administración Local para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.”

3.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E O CONCELLO DE MUGARDOS PARA A TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTES DE REHABILITACIÓN E FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DAS OFICINAS MUNICIPAIS DE REHABILITACIÓN- PORTELOS ÚNICOS DE INFORMACIÓN E XESTIÓN DO PLAN DE VIVENDA E REHABILITACIÓN 2009-2012 E DOUTRAS ACTUACIÓNS DAS POLÍTICAS DE VIVENDA.

Sr. Alcalde: Ben, este é un tema que se levou a Xunta de Portavoces, de todas formas se algún grupo quere intervir, se abre un turno de intervencións.

Sr. Fernández Ameneiro: Bueno eu simplemente quero expresar o malestar do grupo socialista, pola forma que tivo o Alcalde de proceder neste asunto, e creo que, creo que é compartida por todos os grupos da oposición, porque mesmo o Partido Popular na Xunta de Portavoces mostros o seu malestar. E... si ben é certo que foi á Xunta de Portavoces, non é menos certo que na Xunta de Portavoces unicamente se informou de que o Convenio xa estaba firmado. Polo tanto e... como digo, nos parece unha... cando menos, unha falta de respecto do Alcalde hacia os partidos da oposición. Creo que non costaba nada e... antes de firma-lo convenio, facer unha xunta de portavoces, como se fixo esta semán, e... e informarnos do convenio ¿non?. Eu creo que como ben dicía o Alcalde na Xunta de Portavoces, este concello está gobernado en minoría, e polo tanto si queremos que o goberno, o goberno municipal vaia por bon camiño depende dos grupos da oposición, e debía de contar con nós. Eu creo que ás veces ao Alcalde se lle esquece. De todos os xeitos, parécenos que no momento actual no que nos atopamos e... bueno pois non creo que non sexa convinte rexeitar nin, ningún tipo de axudas, e menos a subvención de 25.092 euros para o mantemento das oficinas municipais de rehabilitación.

Sr. Alcalde. Ben, gracias Juan. Pilar.

Sra. Díaz Otero (que traducido dí): Haber. Bueno, nós non imos a, a insistir no que manifestou o voceiro do Partido Socialista. E... puidose debatir en calquera órgano, eu non digo que tivera que ser na Xunta de Voceiros ou non. entrou no rexistro do Concello o 10 de xuño, ata a súa sinatura o 21. Eu creo que houbo capacidade para levala a, a calquera das comisións. En todo caso a min o que me preocupa, porque naquel intre da Xunta de Voceiros non vira o convenio. O convenio estaba no expediente, no expediente do Pleno, e á Xunta de

Voceiros so trae a información xeral. É á ampliación de competencias que hai para a oficina de rehabilitación, porque e... convirtense, bueno, tal e como ven no convenio, nun portal único de vivenda, dende chabolismo, renove, aluga, xestións, tasacións e alquileres. Quero dicir, que é moito máis complexo do que imos a ter agora. No propio convenio hai unha tasación do Concello, dos gastos que isto significa para o ano 2010, que supoño que foron datos que ofreceu o Concello á propia Consellería para a sinatura do Convenio, de 50.184,88 euros. Iso é no que se valora. A idea que eu teño, si os cálculos non están mal feitos, e que a prestación que temos de servizos da oficina de rehabilitación, agora nos sae en 1.344 euros ao mes. O cal fai aproximadamente, en función de que sexan dez ou once meses, polo tempo que estivo parada a oficina durante este ano, en torno aos 15000 euros de gasto. Á aportación da Xunta, a expensas do que poda facer o Ministerio, vai a ser de 25.000 euros, 25.922,44 euros. Entón a miña pregunta sería: ¿en que se basa o goberno municipal para o cálculo dos 50.000 euros que dí que lle vai a custar o persoal, o mantemento, e o equipamento da oficina?. E si se vai a facer nova incorporación de persoal, cal vai a ser o persoal que vai a estar adscrito, porque o concello o ten que transmitir á Xunta de Galicia tal e como ven no convenio. En todo caso, nós queremos ter coñecemento desta cuestión. Iso non vai a ser impedimento para que vaíamos a votar hoxe a favor, o imos a facer igual se nos explica ou non no pleno estas cuestións. De tódolos xeitos se non se nos explican hoxe, nós diríamos que na comisión de urbanismo, ou na comisión de persoal, ou na que vaia a levar este tema, que supoño que será urbanismo, pero bueno, si non é urbanismo, na que o vaia a levar, que se aclare suficientemente o tema da valoración económica que se fai, o tema do persoal que se vai a adscribir, e como se vai a xestionar coas novas funcións que ten.

Sr. Alcalde: Ben, en todo caso, quero dicir que o proceder do Alcalde, pois é o proceder de todos os anos. Este non é o primeiro convenio que se asina co Instituto, antes con vivenda. E polo tanto pois é un convenio que se repite dende fai sete anos, creo, aproximadamente, dende o ano 2003, estamos no 2010, practicamente sete anos, e que se ven repetindo e co mesmo proceder. Se firmou no seu día un convenio de entrar, de formar parte da, da rede de áreas de rehabilitación integral dos concellos que estamos nelas, que son, que somos trinta, trinta e un ou trinta e tres en toda Galicia e polo tanto pois non... a única variación que hai, e con respecto a, ao tema este que se, que se dí aquí que vai a atender ao tema de infravivenda, de aluguer, de... bueno, e outras actuacións das políticas de vivenda ¿non?. Todas as políticas que están concentradas no, no instituto de, de... Galego de Vivenda e Solo pois pasan a... a facer digamos as... os... as oficinas de rehabilitación, pasan a facer a función de transmisores daquelas necesidades que hai nos concellos con respecto a estes temas. E... en canto a... de todas formas, quero dicir que o, que o convenio está asinado o día 10, creo que está metido por rexistro o día 10, e non sei si efectivamente entre o 10 e hoxe houbo algunha comisión de, de urbanismo. O que si sei é que houbo unha xunta de portavoces fai... o mércores, polo tanto pois e... creo que a información se, se pretendeu dar nesa xunta de portavoces. Que xa digo, é un convenio que asinaron todos os concellos, todos, e nas mesmas condicións que, que o de Mugardos. En todo caso, o, o que se refire aos gastos o único que contempla pois e... os salarios que van a... que van a compoñer o... o persoal que vai a compoñer, que será o, o arquitecto asesor e... e unha traballadora, traballadora social a media xornada. E logo son os gastos de mantemento de, de material, de luz eléctrica, de local... eses son os gastos que van incluídos, e está feito por un cálculo que fixo a

interventora, que hai un... creo que hai un informe feito pola interventora que se enviou a... á Xunta, como todos os anos. Todos os anos se lle envía os gastos de... da oficina de rehabilitación. Non é coa intención de fastidiar a, a ninguén nin moito menos. Senón que é unha premura urxente que a propia FEGAMP, a propia FEGAMP que foi a que negociou este convenio con, coa Xunta de Galicia, é a que nos indica a nós de que, de que asinemos este convenio co compromiso da Xunta de que o ano que ven revisaría as aportacións... ou incremento de aportacións aos concellos, sobre todo aos pequenos, porque neste ano, xa digo, hai un incremento do 30% pero vai direccionado ás cidades grandes. O compromiso da Xunta está e... asumido nese sentido que no próximo ano revisará as aportacións, como tamén o propio conselleiro dixo que a partir deste ano tamén todas as oficinas de rehabilitación van a ser inspeccionadas para ver tamén si efectivamente é necesario que continúen ou non. e ao mellor a de Mugardos pois non continúa para os próximos anos.

Sr. Fariña Doval (que traducido dí): Si haber, eu moi brevemente. Porque si, porque eu creo que si nos escoitamos un pouco as cousas serían moito máis rápidas. Bueno, eu podoo admitir que... sete anos Barcia... levemos de xeito reiterado o tema. O que si é certo é que este ano polo que se ve é algo distinto aos anos anteriores. E o único que se pide é algo que xa tendes feito, os datos polos cales a interventora chega aos 50000 euros, que os poñas na mesa e xa está. Non hai máis problema que ese. Si todo o mundo estamos a dicir que... o que escoitei, que todo o mundo vai a votar a favor, non hai máis que iso. Pero que queren coñecemento das cousas e xa está, nada máis.

Sr. Alcalde: Non hai ningún problema en... Si Pilar.

Sra. Díaz Otero (que traducido dí): Ah... eu unha, unha cousa a miña intervención non era por debatir o método non si estaba... digo que a miña intervención non era por debatir o método, era máis por aclarar os temas económicos e de persoal da oficina. Pero en todo caso unha cousa, é dicir, na Xunta de Voceiros, o que vai é información xeral sin documentación no expediente con 48 horas e en calquera comisión si. De feito, é dicir, as apreciacións que estou facendo eu agora, era imposible facelas na Xunta de Voceiros porque non tiñamos o convenio. A min o que en todo caso... eu o que si creo é que nós pasades na comisión de urbanismo, na seguinte ordinaria, imos, o informe da interventora e ao razoamento do porque se chegou de que si unha traballadora social a media xornada, e quen a vai a contratar e en que condicións. Porque a oficina de rehabilitación ten un servizo de prestación, non é un servizo propio do concello como tal. E si o pasades á seguinte comisión de...

Sr. Alcalde: A nosa intención xa cho digo agora. A nosa intención e utilizar o persoal que está no concello en asuntos sociais, e metelo....

Sra. Díaz Otero (que traducido dí): Isa é a vosa intención.

Sr. Alcalde: Si.

Sra. Díaz Otero (que traducido dí): Bueno, en todo caso o pasades a... eu creo que non o imos a discutir aquí agora, eu xa direi a opinión que teña, cando teña as valoracións que fixechedes e o porque chegachedes a ese, a ese razoamento.

Sr. Alcalde: Imos a ver, eu... para clarificar unha cousa, de feito en asuntos sociais se estaba levando o de infravivendas, se estaba levando o tema de... de aluguer e todo iso. É unha cousa que en vez de estar en asuntos sociais, pasa á oficina, pero na práctica se estaba facendo ¿non?. Ben, en todo caso, por parte do equipo de goberno non hai ningún problema en que vaia a comisión todos eses informes da interventora e... e bueno, considero que a oficina está aí, e non nos queda... isto foi, ou o tomas ou o deixas. E así se nos presentou na, na reunión de alcaldes. E creo que é necesario, ou entendo eu que debemos de firmar para seguir mantendo a, a oficina.

Rematado o debate, sometese o asunto a votación, e o Concello Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar o Convenio de Colaboración entre o Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Mugardos para a “Tramitación de expedientes de rehabilitación e financiamento dos gastos de mantemento das oficinas municipais de rehabilitación- portelos únicos de información e xestión do Plan de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012 e doutras actuacións das políticas de vivenda”, de data 21 de xuño de 2010, número de rexistro de entrada neste concello 3.131 de 10 de xuño de 2010.

4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE A SUBA ELÉCTRICA.

Sr. Alcalde: Non sei si o portavoz do PP vai a continuar...

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido dí): Bueno, nós tiñamos antes das novidades que se produciron estes días, xa hai un acordo a nivel nacional sobre, sobre estas cuestións. Xa fixou o goberno que ía a trocar o procedemento, e polo tanto non ten sentido continuar coa moción. Pois retiramos a moción da orde do día.

Sr. Alcalde: Bueno, gracias.

Faise constar que a moción e retirada polo poñente.

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE EU-IU SOBRE ADOPCIÓN DUN CRITERIO SOBRE OS MOTIVOS DE FORA DE ORDENACION NO CASCO ANTIGO DA VILA DE MUGARDOS E O SEIXO.

Sr. Alcalde: Ten a palabra a...

Sra. Díaz Otero (que traducido dí): Sí, nós tal e como quedamos na Xunta de Voceiros, si o texto da moción se incorpora á acta do Pleno, xa non temos nada máis que dicir.

Sometida a votación a moción presentada polo grupo municipal de EU-IU sobre adopción dun criterio sobre os motivos de fora de ordenación no casco antigo da Vila de Mugardos e o Seixo, o Concello Pleno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á devadita moción, que transcrita literalmente dí:

“Si o feito de que unha fachada conte cun so oco de eixo horizontal, teña alicatado na súa fachada ou conte con carpitería metálica (aluminio cor natural), siñifica que o edificio está fora de ordenación, teríamos que no Casco Antigo da Vila de Mugardos e o Seixo 142 edificios estarían fora de ordenación, o que siñifica o 35% do total.

A distribución por rúas sería a seguinte, segundo o noso estudo:

<i>RÚA</i>	<i>Edificios fora ordenación</i>	<i>Total edificios</i>	<i>% Fora Ordenación</i>
<i>Cantón de Cora</i>	2	11	18%
<i>Avda. do Mar</i>	22	46	48%
<i>Real</i>	13	42	31%
<i>Galicia</i>	11	29	38%
<i>María</i>	20	61	33%
<i>Eira</i>	1	6	17%
<i>Barral</i>	8	13	62%
<i>Catro Ventos</i>	4	16	25%
<i>Pixigo</i>	2	5	40%
<i>Cano</i>	5	12	42%
<i>Cotellón</i>	3	7	43%
<i>Corzás</i>	0	1	0%
<i>Peteiro</i>	2	5	40%
<i>Lousido</i>	8	23	35%
<i>S. Telmo</i>	8	19	42%
<i>S. Fernando</i>	7	17	41%
<i>Alta</i>	5	12	42%
<i>Apelón</i>	6	12	50%
<i>Seixo</i>	15	68	22%
Total	142	405	35%

As consecuencias do fora de ordenación para os veciños/as sería:

1.- O valor da edificación se reduciría.

- 2.- *Non poderán ser admitidos en garantía para préstamos ou créditos hipotecarios.*
- 3.- *O Concello comunicaría ó rexistro da propiedade, as limitacións e condicións especiais na concesión de licencias en edificios de fora de ordenación.*

Polo cal, o concello pleno

ACORDA:

1.- Que na comisión de urbanismo e industria, nun tempo non superior a tres meses, se adopte un criterio sobre os motivos polo cal unha edificación está fora de ordenación no casco antigo da Vila de Mugaros e o Seixo.”

6.-DAR CONTA DOS ESCRITOS DE CONDOLENCIA E REPULSA ENVIADOS CON MOTIVO DOS ASASINATOS POLA VIOLENCIA DE XÉNERO.

O Pleno da Corporación dáse por informado das condolencias enviadas aos Concellos onde se teñen producido mortes como consecuencia da violencia de xénero, segundo a relación que figura no expediente, á que se deu lectura pola concelleira de Benestar, igualdade, sanidade, mocidade, ensino e política lingüística dña. Ángeles Díaz Prados, así como das peticións aos Concellos para que lle fagan chegar o pésame ás familias das vítimas e da repulsa deste Concello á violencia de xénero.

7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓNS NÚM 334/2010 a 395/2010.

O Pleno da Corporación dáse por informado das Resolucións da Alcaldía núm. 334/2010 á 395/2010, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía dende o anterior pleno ordinario.

8.-MODIFICACIÓN DO DÍA E HORA DE REALIZACIÓN DO PLENO ORDINARIO CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno, por unanimidade, acorda:

1. Trasladar a data de realización do Pleno Ordinario do mes de xullo, que correspondería realizar o día 30 ás 20:00 horas, ao vindeiro día 29 de xullo ás 10:00 horas.

9.- ROGOS E PREGUNTAS

En primeiro lugar, transcríbense as respostas da Alcaldía, de data 24.06.2010, obrantes no expediente, ás preguntas formuladas pola concelleira Dña. Begoña Gómez Díaz na sesión plenaria do día 28 de maio de 2010:

“1.- A modificación de crédito corresponde a unha partida de obras da Piscina Municipal que foi destinada a outra partida que corresponde a que vai destinada a futura xestión da propia Piscina.

2.- *A petición de subvención vai destinada a melloras das instalacións deportivas do Clube do Mar. Resolución da Alcaldía 332/2010.*

3.- *A petición de subvención vai destinada a posible instalación dun circuito biosaludable. Resolución da Alcaldía 333/2010.*

Recordarlle por enésima vez, que son preguntas para formular nas Comisións Informativas que como o seu nome indica son para informar aos membros que as compoñen, entre eles vostede ou compañeiros de Grupo.

Lamento dicirlle que, non é certo o que vostede manifesta por escrito xa que con respecto a celebración das comisións de Facenda a estas alturas do mes seis (xuño) levanse convocadas 5 comisións e da de Cultura e Deportes celebráronse 4 normales, 1 conxunta con Facenda, outra da Festa do Polbo e para maior abondamento na demostración de que vostede non fai uso do seu dereito de preguntar nas comisións informativas, recordolle que o 15 de xuño do presente celebrouse a comisión de Cultura e Deportes na que tivo a ocasión de facer estas preguntas e non as fixo. Agardo que no futuro sexa máis considerada coas funcións da Alcaldía. Moitas grazas.”

Sr. Alcalde: Se algún grupo quere... haber si... teño apuntados a Juan Domingo, Pilar, Begoña e Fariña. ¿Está ben?. Vale, pois... Juan Domingo.

Sr. De Deus Fonticoba (que traducido dí): Vou a facer, bueno eu vou a facer unha pregunta soa, e máis que unha pregunta é casi un rogo. E é relativa á entrada en vigor da lei 2/2010, do 25 de marzo de medidas urxentes de modificación da Lei de Ordenación Urbanística de Galicia. Na que cremos que é necesario acometer e estudar en que medida afectan aos núcleos rurais e as súas novas tipoloxías. A fin de coñecer as posibilidades de ordenación e outorgamento de licenzas acordes á nova normativa. Por iso rogamos que se inicie este estudo na sede de, de urbanismo, na comisión de urbanismo, dado que a nova normativa xa está en vigor e.... claro, non, non pode esperar a o vindeiro plan, loxicamente, e polo tanto sexa analizada en, en dita comisión. Para ver como repercute a nova tipoloxía e estudo de licenzas en núcleo rural. Por iso rogaríamos que non se demore máis, porque poideramos ter casos concretos, con problemáticas distintas, e eu creo que habería que acometelo, sen demora, o estudo desas, desas e... licenzas posibles. Sen... nada máis.

Sr. Alcalde: Pilar.

Sra. Díaz Otero (que traducido dí): Haber. Nós temos varias, aínda que somos futboleros tamén. Bueno a primeira é que no Pleno ordinario de novembro do ano 2009, aprobabamos un convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e o Concello de Mugar dos, para sufragar os gastos, os gastos de almacenamento, transporte e tratamento de, dos residuos voluminosos xerados no concello. O prazo de vixencia era do 1 de setembro, ata o 31 de decembro do 2009. correspondéndolle ao concello a cantidade de seiscentos doce euros. Dado que estamos vintecinco de xuño do ano 2010, a pregunta sería ¿se ten coñecemento o goberno municipal de si será posible unha nova sinatura de convenio entre a consellería e o concello? e si os criterios polos cales tocáronnos os seiscentos doce euros no ano 2009, ¿van a ser os mesmos?, ¿van a variar os criterios?, ¿vai a variar a cantidade?. A segunda sería, si ante o custo que supón a recollida, traslado e xestión de residuos voluminosos, ten o goberno

municipal pensado elaborar unha taxa municipal pola utilización do servizo, así como buscar fórmulas para mellorar a súa recollida. A terceira, é que na ordenanza reguladora de tenenza, defensa e protección dos animais de compañía, no seu artigo 12.2, se regulan as obrigas que ten o concello de Mugar dos para actuar en casos de animais abandonados. Establecendo que serán aloxados en dependencias axeitadas ao efecto que determine a autoridade municipal. Para xestionar este servizo, o concello asinará un convenio cuxa vixencia terá un prazo mínimo de tres anos prorrogables. O concello a día de hoxe non ten ningún convenio, tal e como lle indica a súa propia ordenanza. ¿Ten pensado o concello subscribir un convenio tal e como emana da ordenanza municipal aprobada?. E a cuarta e... non, teño máis, o sinto polos futboleros, eu tamén o son, pero o sinto por eles. No ano 2009, a Deputación Provincial realizou un informe para o concello de Mugar dos sobre os servizos e proxectos da Deputación aos concellos que teñen delegada a recadación de tributos. Dentro do informe recollíanse as condicións para que o concello puidese delegar na Deputación a instrucción do procedemento sancionador en materia de tráfico e seguridade vial. ¿Ten previsto o goberno municipal delegar a instrucción do procedemento sancionador na Deputación Provincial?. De non ser así, cales son as razóns. E a quinta, e... a limpeza de solares privados, cuxa competencia corresponde aos propietarios, segundo as propias ordenanzas municipais. E que durante estes días foron executadas por persoal municipal, supoñemos que previo informe dos servizos técnicos municipais competentes para poder levar a cabo as labores citadas, tal como recolle a ordenanza, ¿vai a ser repercutido o seu custo sobre o propietario do solar?. E a sexta, é que a Resolución da Alcaldía número 387/2010 contén o nome de cinco persoas contratadas a proposta do concelleiro de persoal sin que medie ditamen informativo por parte da comisión, para a campaña da limpeza de praias, dentro da convocatoria da Deputación Provincial, dende o 21 de xuño, ata o 21 de decembro a duración dos seus contratos. Sabendo que é unha competencia da Alcaldía a contratación de persoal, podería indicarnos, en todo caso, ¿cales foron os criterios para a selección das cinco persoas contratadas?. E a sétima é derradeira, na Resolución da Alcaldía número 358/2010 apróbase a modificación de crédito número 9 ao orzamento vixente. Na alta aparece trinta e dous mil euros convenios Reganosa e nas altas, no orzamento de gastos, seis mil, mantemento local social, e vinteseis mil, festas de verán. Preguntamos ¿cál é o custo do contrato de adxudicación da limpeza e apertura do local social?. ¿Cál é a vixencia dese contrato?. E un rogo que vai aparelado á pregunta, e é rogamus se facilite o convenio asinado con Reganosa para a aportación deses 26000 euros, e a información nova que poidamos obter sobre a obriga de Reganosa do pago do IAE dos anos 2009 e 2010, que cremos que aínda non foi efectuado.

Sr. Alcalde: O último non o entendín ben Pilar. Queres e... O do convenio si, pero logo... Begoña podes...

Sra. Gómez Díaz (que traducido dí): Boas tardes. Bueno, eu teño cinco preguntas, dúas delas máis ou menos as fixo Pilar, pero de tódolos xeitos as vou a formular. A primeira é porque o Alcalde non respostou aínda ás preguntas que lle formulamos no Pleno do mes de maio. A segunda e con respecto á contratación dos técnicos de medio ambiente para a limpeza de prais, ¿Por qué tres persoas non son das que enviou o INEM?, e si realmente o INEM non mandou a máis de dúas persoas para contratar, e se mandou máis, porque non se contrataron, e senón para que se pregunta, para que se lle pide un listado. Logo tamén gustaríanos ver a

memoria valorada da vixésima Festa do Polbo. E ... a cuarta pregunta era... xa a fixo Pilar tamén, que é con respecto ao das... o de Reganosa, ben me entendedes. E logo, por derradeiro, un rogo, que se corte a maleza na travesía do Apelón, porque... haber, non queremos esperar á comisión de obras, porque en quince días agora crece que se mata. Entón e... sería convinte cortala o antes posible. Gracias.

Sr. Alcalde: Fariña.

Sr. Fariña Doval (que traducido dí): Si. A primeira... eu vou a facer unha soa pregunta e por riba breve. É breve por dúas cousas, unha porque teño prisa, e a segunda porque non está Roca, que era ao que ía dirixida. Pero polo tanto vou a facer o enunciado da pregunta para que se lle transmita perfectamente a él, e a pregunta en sí a pasarei á comisión de servizos. O tema da pregunta é a situación que estamos a vivir neste concello respecto a que estamos nun estado aconfesional, e sabemos por outra banda a benevolencia que para estes temas ten o noso Alcalde, e a pregunta vai relacionada cos temas relixiosos nas vías públicas, e os custos que teñen para este concello. Esa vai a ser a pregunta que lle vou a formular ao señor Roca na vindeira comisión. Rogo e quero encarecidamente que llo transmitades para que teña a información exhaustiva da mesma. Nada máis.

Sr. Alcalde: Imos a ver. as preguntas vounas contestar por escrito, excepto unha que fai Begoña que non sei... ao mellor a última hora non mirou o expediente do Pleno, pero si o mirara, vería que estaban as respostas ás que... ás que ela fixo referencia. Che pasarán unha copia o luns.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as vinte horas e trinta minutos do día ó comezo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente levántase a sesión, de todo o cal eu, como Secretario, dou fe.

Vº e praxe
O ALCALDE,